- Identificación de intereses, capacidades, motivacións e aptitudes persoais para o proxecto profesional ao que aspiramos.
- Identificación dos itinerarios académicos e profesionais que se poden seguir.
- Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e test psicométricos.
- A toma de decisión na orientación académica e profesional.
- Avaliación das alternativas e da decisión tomada.

UD	Título da UD	Duración
6	Procura activa de emprego	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Mellorar o desempeño persoal, social e académico aplicando estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan maior control sobre as accións e as súas consecuencias.	Mellora do desempeño persoal, social e académico aplicando estratexias de aprendizaxe e xestión emocional.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións.	Realización dun proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego,		
CA2.8 - Valorar a diversidade desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Valoración da diversidade desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres,		
CA3.1 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións.	Realización dun proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego		
CA3.2 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación.	Exploración da contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece.		
CA3.7 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	Análise da diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais,		
CA3.8 - Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Valoración da diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A formación profesional. - A transición á vida activa. - Valoración da importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional. - Información xeral sobre sectores económicos e produtivos. - O proxecto persoal: o autocoñecemento. - Plans de autocoñecemento e de formación académica e profesional. - O coñecemento persoal: habilidades, aptitudes, motivacións e intereses persoais.

Contidos

- Análise de fortalezas e debilidades propias.
- A intelixencia emocional. Autocoñecemento, autocontrol, automotivación, empatía e habilidades sociais.
- O proceso de toma de decisións. Organización dunha conduta decisoria.
- Aproximación a un plan de busca activa de emprego con proxección cara ao futuro.
- Análise dos intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.
- Identificación de itinerarios formativos relacionados.
- Definición e análise do sector profesional.
- Fontes de información.
- Estratexias, instrumentos e proceso da busca de emprego en empresas do sector.
- Fontes de procura de emprego. Información xeral para a busca activa de emprego e de alternativas.
- A oferta de traballo. Selección de ofertas e perfil da persoa candidata.
- Información sobre a elaboración e presentación da carta de presentación e do currículo persoal: tipos e contido.
- A entrevista de traballo.
- Os distintos tipos de emprego.
- Traballo por conta allea e traballo por conta propia.
- O traballo na Administración pública.
- Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
- Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos profesionais: axudas e subvencións á creación de empresas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica nesta materia debe favorecer a capacidade do alumnado por aprender por se mesmo tendo en conta a diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe e promover a aprendizaxe en equipo facendo fincapé na relación dos aspectos teóricos da materia coas súas aplicacións prácticas na sociedade. Así mesmo, traballarase os valores transversais fomentando especialmente a comprensión lectora e a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula. A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada estudante, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo e para traballar en equipo. Ademais fomentarse a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

* PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensinanza e aprendizaxe aseguraranse distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa: partindo dos coñecementos previos, as alumnas e os alumnos, han de ser capaces de aprender a aprender, adquirindo unha serie de coñecementos, habilidades e actitudes para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional: os novos contidos deberán ser aplicados en diferentes contextos cando os estudantes o precisen.

3º: Aprendizaxe cooperativa: traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates favorecerá o interese pola mesma e axuda ao estudante no seu perfeccionamento persoal e social.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs: coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como recurso de apoio. Tamén utilizaremos a aula virtual do centro e outras ferramentas dixitais como CANVA. A metodoloxía didáctica adaptárase ás características de cada estudante, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo e para traballar en equipo. Ademais fomentárase a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

* TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTO PERSOAL Entre as distintas actividades que conformarán o portfolio do alumnado, atopárase:

- Elaboración dun Plan de Autoconecemento no que se incluírá o autoanálise das habilidades e competencias persoais e profesionais, a elaboración dun DAFO, o deseño do seu perfil persoal e profesional (fixación dun obxectivo profesional) e a elaboración dos itinerarios formativo e profesional para acadar o perfil desexado.
- Elaboración dun Currículum en formato "papel" (utilizando a ferramenta CANVA) e dun Videocurrículum.
- Preparación de entrevistas laborais entre os distintos grupos de alumnado. Simulacro e representación entrevista. Visita a diversos portais de emprego e á web Rede Eures.
- Realización de traballos de investigación sobre os diferentes aspectos tratados na materia. Por exemplo, traballo sobre algún elemento cultural aproveitando a visita ao Museo Liste.
- Actividades programadas para interactuar con antigo alumnado do centro que contarán as súas experiencias formativas e profesionais, e con emprendedoras da contorna, poñendo en valor ás pequenas empresas e a súa contribución ao tecido empresarial galego.

* DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- a) Análise dun artigo de prensa, fragmento dun libro, ou nova relacionada cos contidos da unidade a tratar, para introducir ao alumnado na temática da unidade e avaliar os coñecementos previos dos alumnado.
- b) Desenvolvemento da unidade a través de diferentes tarefas e actividades.
- c) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

* TIPOS DE AGRUPAMENTOS As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

* CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros ou capítulos relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do estudante. Así mesmo, contribuírase ao Plan TICs coa utilización de diferentes recursos (proxección de vídeos, presentacións, avaliacións interactivas, kahoots...).

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade, ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

* ATENCIÓN EDUCATIVA NON PRESENCIAL

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederáse tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.
- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

- Materiais de consulta.
- Materiais de elaboración propia.
- Libro de texto.
- Recursos audiovisuais: vídeos, películas.

- Aula virtual

Predominarán os materiais analóxicos mais tamén serán recursos didácticos, as ferramentas dixitais

O espazo habitual no que se desenvolverán as sesións consiste nunha aula convencional que dispón dun proxector e de pupitres individuais.

Para o desenvolvemento de traballos colaborativos con necesidade de recursos dixitais utilizaremos a aula de informática do centro.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula utilizarase un libro de texto, o libro elixido é Formación e Orientación Persoal e Profesional da Editorial Anaya. A lingua utilizada para a impartición da materia, segundo o plan lingüístico do centro, é o galego, lingua na cal non existe ningún manual para a materia. Por iso os contidos teóricos da asignatura así como todo o resto de materiais que formen parte dos contidos da materia, na súa maioría deseñadas pola docente, estarán elaborados en galego. Tamén se utilizará un caderno onde se desenvolverán algunhas das actividades, exercicios e tarefas propostas polo docente. Na aula virtual a docente colgará todo o material da asignatura. No portfolio o alumnado gardará e clasificará trimestralmente non só todos aqueles documentos impresos que lle sexan entregados ao longo do curso, senón tamén os xerados por eles mesmos. Entre os recursos impresos mencionados destacan as actividades de comprensión lectora, os informes e as diferentes actividades propostas para o grupo e especificamente para cada estudante cando a/o docente o considere necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa. Esta permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

Igualmente realizarase unha avaliación inicial ao comezo de cada unidade didáctica na que se valorarán os coñecementos e capacidades previos. As ferramentas a utilizar serán desde cuestionarios iniciais a materiais gráficos ou lecturas previas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	16	17	16	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación consistirá na elaboración de diferentes traballos relacionados con contido da materia. Todos os traballos son obrigatorios e cómpre entregalos para a avaliación positiva da materia.

O 100% da nota virá definida polas táboas de indicadores.

Estes criterios de avaliación, estarán asociados a distintas listas de cotexo que se permitirán realizar a avaliación. Estas listas de cotexo están asociadas a:

- Boletín de actividades.
- Actividades de consolidación e reforzo
- Traballos cooperativos en equipo

A cualificación de cada avaliación será calculada a partires dos pesos de cada unidade didáctica desenvolvida

durante o trimestre. A cualificación de cada avaliación virá determinada polas medias ponderadas de cada traballo que terán pesos diferentes en función da complexidade de cada un deles. A cualificación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais, e será positiva cando dita media sexa igual ou maior a 4,5 puntos (redondeo por exceso) sempre que a cualificación de todas as avaliacións sexa igual ou superior a 5 puntos.

Criterios de recuperación:

Cando unha/un alumna/o non supere unha avaliación por no ter conseguidos os obxectivos e as capacidades rexistradas na listas de cotexo, terán que presentalas nos prazos establecidos. De ser o caso, valorarase a posibilidade de realizar unha proba escrita baseada nos criterios mínimos de consecución das unidades asociadas a esa avaliación. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. Cando unha/un alumna/o teña dúas ou tres avaliacións suspensas, terá a oportunidade de presentar as actividades requiridas e de ser o caso, valorarase a realización dunha proba extraordinaria baseada nos criterios mínimos de consecución das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Artigo 7, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación). De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade: Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes. O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar. O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión. O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión lectora coa lectura de textos en cada unidade	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita na realización de exposicións orais e de documentos escritos	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC na utilización de ferramentas dixitais	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e valores na incorporación de temas relacionados coa diversidade e a igualdade	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Formento da creatividade na elaboración de traballos que impliquen procurar solucións de forma creativa	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a saúde na transmisión de hábitos de vida saudable que axuden a un desenvolvemento integral do alumnado	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Emprendemento social e empresarial					X	X

Observacións:

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital, a educación emocional e en valores así como o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais de calquera aprendizaxe, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados tamén en case todas as unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro sobre igualdade	Actividade orientada a facer unha reflexión sobre as desigualdades existentes por razóns de xénero		X	
Obradoiro sobre diversidade cultural	Actividade que pretenderá desenvolver o respecto e a aceptación na diversidade cultural		X	
Visita ao Museo Liste	Visita que acercará ao alumnado a nosa realidade cultural e daralle unha aproximación ao concepto de etnografía	X		

Observacións:

Contéplanse outras visitas, pendentes de confirmación, así como algún outro faladoiro e obradoiros tamén pendentes de confirmación das persoas poñentes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe, mediante uso de plataformas dixitais e páxinas de presentación.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten, atendendo así a diversidade.

Clima de traballo na aula
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado. Tal e como establece a normativa, "O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes."

Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- Planificación,
- A motivación do alumnado,
- Desenvolvemento do proceso de ensino,
- Idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas, e
- Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Valoraranse de 0 a 5.

Os obxectivos da avaliación da práctica docente son:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc.

Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria.

Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora). Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados

1. Información á aula da programación

Na primeira aula de comezo do curso os alumnos e alumnas serán informados da presente Programación, e do número de unidades de que consta, así como dos contidos de cada unha delas e dos textos a utilizar para o estudo e preparación. Ademais do manual de contidos, dispoñible na Aula Virtual da materia, a profesora elaborará materiais propios e utilizará como plataforma de comunicación co alumnado, a aula virtual moodle e o correo electrónico. Tamén se lles indicará como serán cualificados, así como de como será o sistema de recuperación.